

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 4 DE FEBREIRO DE 2026

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día catro de febreiro de 2026, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE e D. JORGE BUSTOS ATANASIO. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

1. XESTIÓN URBANÍSTICA.- Acórdase adiar a aprobación definitiva do expediente de expropiación forzosa, polo procedemento de taxación conxunta, dos bens e dereitos necesarios para a execución do novo centro de saúde e outros equipamentos públicos no barrio do Sagrado Corazón, por carecer do preceptivo informe de fiscalización previa.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación na contratación do servizo funerario para o enterramento de persoas sen recursos. exp ref: 2025/C003/000047.

3. FOMENTO.- Acórdase aprobar a participación do Concello de Lugo, na convocatoria de subvencións do Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana, para a realización do proxecto para a rehabilitación do Cuartel de San Fernando de Lugo en Centro de Interpretación e Museo da Romanización de Galicia, cun orzamento base de licitación de 15.201.235,59 €, con expresa aceptación do procedemento regulado pola orde fom/1932/2014.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac1251281931286861532.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 4-2-2026

4. MULLER E IGUALDADE E INCLUSIÓN.- Acórdas prorrogar a vixencia do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Lugo 2021-2024, por un período de 2 anos.

Fóra da orde do día

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxó Fernández.